PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 18:19
Nº Rexistro: 8066
Data envío: 18/04/2017 18:19:11.022

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas oportunas para a posta en marcha, no primeiro semestre de 2017, dun procedemento de consulta pública previa á redacción polo Executivo dos proxectos de regulamentos e anteproxectos de lei que teñan un impacto significativo na actividade económica ou que impoñan obrigas relevantes para os seus destinatarios (doc. núm. 6600).

Emenda de modificación

Proponse un novo texto para a parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas oportunas para poñer en marcha, baixo instrumentos e criterios homoxéneos, no primeiro semestre de 2017, un procedemento de consulta pública previa na elaboración polo executivo de normativa, co obxecto de fomentar a participación da cidadanía e das organizacións e asociacións con carácter previo á redacción dos proxectos de regulamento e anteproxectos de lei que teñan impacto na actividade social ou económica ou impoñan obrigas relevantes para os seus destinatarios, debéndose incorporar este procedemento á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno mediante a correspondente modificación lexislativa.

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/04/2017 17:35:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 18:19
Nº Rexistro: 8066
Data envío: 18/04/2017 18:19:11.022



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/04/2017 17:35:49



Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es